



PROPOSICIÓN SOBRE A ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE SEGUIMIENTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NO PLENO MUNICIPAL

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **PROPOSICIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS


Entre as ferramentas democráticas que os grupos da oposición teñen á súa disposición para participar na actividade da Administración local e achegar iniciativas para a mellora das condicións e da calidade da vida da veciñanza atópanse ás proposicións e mocións que, mensualmente e de forma regulada, se presentan para o estudo, debate e consideración do Pleno municipal.

Estas ferramentas deberían axudar a ir conformando unha acción máis plural e participativa, como reflexo das distintas sensibilidades e preocupacións da cidadanía, cuxa expresión máis nidia é –ou debería selo– o conxunto da Corporación Municipal.

Alén diso, as iniciativas que merecen a aprobación maioritaria do Pleno inciden en cuestións de impacto para veciñanza, problemas reais que os diferentes grupos constatan por propia iniciativa e moitas veces servindo de correa de transmisións de asociacións, de entidades ou de persoas individuais. É unha forma lexítima para tratar de que o Concello asuma e resolva os seus problemas actuando de forma directa sobre eles ou que demande as accións pertinentes doutras Administracións, cando non sexan súas as competencias para a resolución dos problemas.

Ao longo do actual mandato, no período transcorrido entre setembro e abril lévanse presentado por parte do grupos da oposición arredor de 115 iniciativas de impulso (entre proposicións e mocións) das que un 83% (preto de un cento) foron aprobadas de forma maioritaria e gran parte delas co propio apoio do grupo de Goberno (un 84% das aprobadas). Este importante traballo realizado polos grupos municipais na detección ou traslado das demandas da cidadanía, no seu debate e na súa asunción polo conxunto da Corporación precisan dun seguimento e concreción que permita visualizar os avances para o seu cumprimento e grao de execución.

Porque desde o Grupo Municipal do Partido Popular consideramos que a adopción de acordos debe equivaler a adquirir un firme compromiso para a súa execución, tratando de incorporar os asuntos aprobados entre as prioridades da acción política do Goberno e dándolle cumprida resposta nos prazos sinalados ou cando menos nun período razoable. De igual forma, eses acordos deben facerse públicos e mostrar a súa evolución, non só de cara á totalidade dos membros da Corporación, senón cara ao conxunto dos veciños e das veciñas.



Entendemos que esta postura concorda, ademais, cos postulados do grupo municipal que sustenta ao Goberno, tendo en conta que no seu propio programa electoral municipal recollía dentro dunha das súas liñas estratéxicas, e como accións concretas a desenvolver, o feito de "recuperar a centralidade do Pleno do Concello como órgano decisorio" e tamén a regulación do Pleno do Concello para que "garanta a participación, información, control e capacidade propositiva dos grupos municipais, así como a participación da cidadanía e das asociacións e entidades do municipio."

En consonancia, pois, con ese pretendido impulso do Pleno como órgano decisorio, órgano para o que mesmo Compostela Aberta abría a posibilidade de que tivera a última palabra nos contratos formalizados pola Administración local, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta para a súa consideración por parte do Pleno o seguinte

ACORDO:

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno municipal a:

- 1. Publicar nun mesmo espazo da páxina web municipal o texto de cada un dos acordos adoptados polo Pleno Municipal de xeito individualizado, así como o resultado das respectivas votacións, xunto cos pasos dados por cada un deles ata a súa plena execución ou os motivos que a fan inviable.**
- 2. Crear unha Comisión de seguimento e control dos acordos plenarios, na que, con criterios de proporcionalidade, estean representados todos os grupos da Corporación.**
- 3. Na antedita Comisión, que se reunirá cunha periodicidade trimestral, deberá informarse por parte do Goberno sobre a evolución do cumprimento dos acordos ou, se fose o caso, dos motivos que imposibilitan a súa execución, incorporando esa información tamén de forma periódica no espazo habilitado para este efecto na páxina web municipal.**

Santiago de Compostela, a 10 de maio de 2016.



Asdo.: Agustín Hernández
Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela